



XUNTA DE GALICIA
CEIP AS FORCADAS – CORME
 Data: 22/10420202
 SAÍDA nº: 19

Corme, 22 de abril de 2022

Estimadas familias,

Na mesma liña que o curso pasado, o alumnado de primaria vai participar no programa "Aprende a través del Surfing" que desenvolve Surf and Clean e colaboración coa Federación Galega de Surf e o Concello de Ponteceso.

Este é un programa que pretende achegar a realidade do surf ao alumnado así como promover a comprensión do mar como un espazo para gozar, de lecer e tamén deportivo. Do mesmo xeito pretende promover valores de sostibilidade medioambiental poñendo o foco no coidado do mar.

A actividade consta de dúas partes. Unha formación na escola e unha xornada de surf nunha praia. As actividades terán lugar en horario lectivo polo que serán consideradas actividades de carácter complementario.

A primeira actividade xa tivo lugar o día 19 de abril e as datas para ir a praia serán os días 18, 19 e 20 de maio (avisaremos máis adiante do día que lle corresponde a cada grupo). Como a seguridade é o primeiro, pode darse o caso de ter que adiar a actividade se non é axeitado o estado do mar.

A proposta está destinada a todo o alumnado dende 1º a 6º de Educación Primaria, sendo subvencionada polo concello de Ponteceso só para o grupo de 5º e 6º. Como a escola considera que esta proposta é unha moi boa oportunidade para seguir achegándonos á nosa realidade tanto social como natural, o custo para o resto de grupos será asumido polo centro escolar.

Se xa dispoñedes de neopreno propio e estades dispostos a empregalo na actividade, riscade no seguinte recadro . En caso contrario indicade talle _____ cm e peso _____ kg.

Dado o carácter especial desta actividade, precisamos que autorizades por escrito á vosa filla ou fillo, para participar no programa; recordamos que a parte práctica implica meterse na auga.

Sen máis, recibide un cordial saúdo.

O director

Asdo.: Manuel Nicolás Caridad López



AUTORIZACIÓN PARA PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA “APRENDE A TRAVÉS DO SURFING”

Eu _____

con DNI _____

AUTORIZO a _____

para participar nas actividades propostas dentro do programa “Aprende a través do surfing”

Asdo.: Nai / Pai ou Titor/a legal

